

Palabras do Presidente da Academia Auriense-Míndoniense de San Rosendo no acto de homenaxe a Álvaro Cunqueiro

Segundo L. Pérez López

Lembramos hoxe aquí, como cada ano, e coa presenza de representantes do mundo institucional e da cultura de Galicia, a Álvaro Cunqueiro, coincidindo cun novo cabodano da súa morte. En verdade de moi poucos escritores se pode decir tanto como de Cunqueiro: que cambiou a literatura para sempre, e que a súa obra se asenta sobre a visión cristiá do mundo que fixo de Europa o que é hoxe.

A ninguén se lle oculta que os mellores libros de Cunqueiro, escritos na casa da súa irmá Carmiña, fronte á nosa catedral (*Merlín e familia*, *As crónicas do Sochantre* e *Se o vello Simbad volvese ás illas*), publicados en Galicia da man de Galaxia e vertidos despois por el mesmo ao castelán para a súa publicación pola editorial Destino, tiveron unha decisiva influencia na chegada á narrativa hispanoamericana do que se deu en chamar o realismo máxico. Iso é algo que xa contou o propio Gabriel García Márquez, recoñecendo a súa devoción polo autor mindoniense e por Galicia, e do que xa se ten falado repetidamente en numerosos encontros que, arredor desta cuestión, acolleu o Real Seminario de Santa Catalina, polo que non nos extenderemos hoxe sobre este tema. A obra de Cunqueiro, dun home que en verdade sabía que nos ollos dos vencidos está o rostro de Deus, fala por si mesma.

Pero tampouco quero eu deixar de lembrar hoxe, neste marco, a Aquilino Iglesia Alvariño, un dos máis grandes poetas da lingua de Galicia. El é verdadeiramente unha das figuras que máis influíron na obra e a personalidade do propio Cunqueiro. De Iglesia Alvariño cúmprese este ano, precisamente, o centenario do seu nacemento no veciño concello de Abadín, e permítaseme decir que o seu predicamento sobre o autor de *Merlín e familia* (e sobre tantos outros) vén demostrar que a influencia do noso seminario non remata entre os que foron os seus alumnos, senón que vai moito máis aló.

Por iso pode falarse, certamente, de que hai toda unha escola literaria da terra mindoniense, que ten como nexo común entre os seus autores o compartiren firmemente a mesma sensibilidade e os mesmos ideais para Galicia.

